

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE ABRIL DO 2018.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesías Farías. Dn. Manuel Bello Bouza. Dna Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e nove minutos do día trinta de abril do dous mil dezaioito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE HORA DE SESIÓN PLENARIA.

Sometida a votación o cambio de hora da Sesión Ordinaria correspondente ao día de hoxe as 10:00h, o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 do PP e 3 do BNG, acorda ratificar o cambio de hora da sesión ordinaria, a celebrar polo Concello Pleno.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 02/10/2017 E 26/03/2018


Intervén o Sr. Alcalde preguntando si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non lles entregaron a copia do audio das actas e que é preceptivo que se entreguen polo tanto piden que queden sobre a mesa para a súa aprobación o próximo día.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o que se vota aquí son as actas e actas foron entregadas, non votamos o audio e en consecuencia procedemos a votación.

O Sr. Mesías Farías solicita unha segunda intervención.

Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías facendo constar, que o regulamento foi modificado polo seu goberno e que no mandato pasado fixo un cambio na redacción das actas que pasaron de ser transcritións literais para reflectir só os acordos e que se fan a



acompañar ca gravación de audio, aclara que esa é a acta, a acta en papel máis a gravación de audio, non se pode aprobar un acta canda falta unha parte importante, porque é a parte na que nos podemos fiscalizar si existen erros ou non, polo tanto piden que conste en acta deixar para o próximo día a aprobación cando teñan no seu poder as gravacións porque así aprobaron o regulamento.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que aquí votase o acta escrita que é o que recolle os acordos o audio non se pode manipular, o audio é unha gravación do pleno e nese sentido axustase a realidade, o audio e tal e como se recollen aquí as cousas o que se aproba é o acta porque ao mellor si se pode cambiar sen querer algunhas cousas, en consecuencia procedemos a votar.

Sometida a votación o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES), e 6 en contra 3 (PP) e 3 (BNG), acorda prestala súa aprobación as acta das sesións celebradas polo concello os días 02/10/2017 e 26/03/2018.

3º.- DAR CONTA REMISIÓN MHAP LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA 2017.


Dáse conta do informe emitido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas orzamentaria 2017.

CONCEPTO	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS (C1)	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS (C2)	RESULTADO PRESUPUESTARIO (C3)
a)Operaciones Corrientes	6.047.762,44€	4.954.456,20€	1.093.306,24€
b)Otras Operaciones Financieras	320.118,19€	376.799,26€	-56.681,07€
1.Total operaciones no financieras (a+b)	6.367.880,63€	5.331.255,46	1.036.625,17€
2.Activos Financieros	0,00€	0,00€	0,00€
3.Pasivos Financieros		641.649,67€	-517.693,83€
A.Resultado Presupuestario del ejercicio (C1 - C2)	1.23.955,84€	5.972.905,13€	518.931,34€
Ajustes:			
4. Créditos gastados financiados con Remanente de tesorería para gastos gnerales			4.337,85€
5. Desviaciones de financiación negativas del ejercercicio			71.775,83€
6. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio			43.357,52€
B.Resultado presupuestario Ajustado (A+4+5-6)			551.687,50€

O Concello Pleno acorda darse por enterado

4.- DAR CONTA CUMPRIMENTO OBXECTIVO DA REGRA DE GASTO LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2017.

Dase conta do informe actualizado resultado de estabilidade presupuestaria



Entidad	Gasto computable Liq.2016 sin IFS (GC2016) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2016) (11)	Gasto inversiones (2)= (1)-(11) (1+TRCPIB)	Aumentos/ Disminuciones (art.12.4) Pto.Act 2017 (IncNorm2014) (3)	Gasto inver. financieramente sostenibles (2017) (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2017 (GC2017) (6)
11-15-004-AA-000 Ares	5.132.974,81	0,00	5.240.767,28	0,00	0,00	5.240.767,28	5.142.452,69
Total de Gasto Computable	5.132.974,81	0,00	5.240.767,28	0,00	0,00	5.240.767,28	5.142.452,69

O Concello Pleno acorda darse por enterado

5º.- DAR CONTA RESULTADO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA LIQUIDACIÓN 2017.

Dáse conta do informe actualizado resultado de estabilidade orzamentaria.

Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-004-AA-000 Ares	6.367.880,63	5.331.255,46	69.491,66	0,00	1.106.116,83

O Concello Pleno acorda darse por enterado

6º.- DAR CONTA CUMPRIMENTO PEF: Cumprimento estabilidade orzamentaria liquidación 2017.

Dáse conta do informe de cumprimento do Plan Económico-Financieiro, cumprimento estabilidade orzamentaria liquidación 2017.

Capacidad/Necesidad Financiación de la corporación Local: 1106116,83 Diferencia entre Limite de la RegladeGastoy elGastocomputable:98314,59 Nivel deuda viva: 2.548.716,95

Estabilidad Presupuestaria: capacidad/necesidad financiación del PEF para el ejercicio: 952746,67 cumplimiento/incumplimientodelobjetivodeEst.Presup.fijadoporelPEF parael periodo:153370,16

GastocomputableLiquidación:5142452,69

Limite del Gasto No Financiero previsto en el PEF: 5426606,20 cumplimiento/incumplimiento del objetivodelaRegladeGastofijadoporelPEF:284153,51

O Concello Pleno acorda darse por enterado.


7º.- DAR CONTA MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2018.

Dáse conta do informe sobre Morosidade Remitido ao MHAP correspondente ao primeiro trimestre do 2018, o cal presenta o seguinte resume:

Pagos realizados durante o trimestre

Dentro do Período legal de Pago
354.914,29€
Fora do Período legal de Pago
104.937,14€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre



Dentro do período legal de pago a final do trimestre

381.279,34€

Fora do período legal pago a final do trimestre

227.621,37 €

O Concello Pleno acorda dase por enterado

8º.- DAR CONTA PMP 1º TRIMESTRE 2018-04-25

Dáse conta do informe do Pago Medio a Proveedores do primer trimestre do exercicio 2018.

Ares.

Ratio Operaciones pagadas: 18,36

Importe Pagos realizados: 459.937,85€

Ratio Operaciones Pendientes: 28,48

Importe Pagos Pendientes: 590.168,08€

PMP Global:

Importe Pagos Realizados: 459.937,85€

Importe Pagos Pendientes: 590.168,08€

O Concello Pleno acorda dase por enterado

9º.- DESIGNACIÓN XUIZ DE PAZ.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que esta designación é debido a vacante por facelemento do anterior ao que efectivamente todo o pleno coñecía, foi un home que designou o anterior goberno e realizou magnificamente as súas función e nese sentido como Alcalde agradezo infinitamente a humanidade de D. Andrés Freire Camaniel e a responsabilidade pericia e sen dúbida algunha a xenerosidade no desempeño do seu cargo.


Manifesta que hoxe hai que proceder a designar outro xuíz de paz, e lle pide o Secretario que traslade as propostas.

Toma a palabra o Sr. Secretario dicindo que unicamente existe unha proposta que é D. Florencio Aragón Cánovas o cal reúne todos os requisitos.

Sometida a votación a proposta de designación de Xuíz de Paz titular a D. Florencio Aragón Cánovas o Concello Pleno por unanimidade 13 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES, 3 PP e 3 BNG), acorda prestala súa aprobación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que unha vez nomeado polo Pleno e aceptado este nomeamento, quedaría vacante o xuíz suplente porque el era o suplente entón teremos que designar o xuíz suplente.

10º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA SUBVENCIÓN R.D. 616/2017



Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra ao Sr. Secretario para que informe das deficiencias que hai que emendar na solicitude da subvención R.D. 616/2017.

Toma a palabra o Sr. Secretario explicando que as deficiencias a emendar serían dous, a primeira que falta a sinatura do Alcalde, di que non é así que non se fixaron que a sinatura está enriba e que está asinada de forma dixital e a segunda é que non lles vale con que a aportación sexa de 19462€ queren o compromiso da aportación que sexa íntegra, un 100%.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si alguén quere intervir, dálle a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que aquí vese que non hai crédito suficiente por falta de previsión do grupo de goberno empregando os cartos en inversión que xeran gastos, explica que temos outro requirimento no que se nos di que o certificado acreditativo presentado aprobouse unha dotación orzamentaria de 18.532,10€ mentres que a cantidade que se inclúe na memoria ascende a 111.752,14€ nos tres requirimentos. Diríxese ao Sr. Alcalde dicindo que faga as cousas ben, e que isto sucede porque non hai crédito suficiente.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non vale a pena nin contestar e en consecuencia si quere unha segunda intervención.

Responde o Sra. Martínez Martínez dicindo que non quere unha segunda intervención..

O Sr. Alcalde da paso as votacións.

Sometida a votación os "Acordos que procedan en relación coa Subvención R.D. 616/2017" o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES), e 6 abstencións 3 (PP) e 3 (BNG), acorda prestala súa aprobación.

11º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO


De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

12º.- MOCIÓN-PROPOSTAS:

- A) Asociación de Veciños Chanteiro "2º fase das obras de ampliación e mellora da estrada DP-402 Ares-Chanteiro"

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que dada a presenza de persoas entre o público que forman parte das entidades que subscriben a moción, darémoslles voz para expoñer o



petitum e en consecuencia para que se inicie un pequeno debate entre os grupos e proceder a votación.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a Presidenta da Asociación de Veciños de Chanteiro.


Dáse conta da Moción presentada pola Asociación de Veciños de Chanteiro, de data 5 de abril, que seguidamente se transcribe;

A Asociación de Veciños de Chanteiro, a través da súa Presidenta, MARÍA JOSÉ SÁNCHEZ COIRA, de conformidade co disposto na lexislación vixente, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal de Ares a presente MOCIÓN SOBRE A 2ª FASE DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP-0402 ARES-CHANTEIRO, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno Ordinario e debatida no mesmo, en base aos motivos e consideracións expresadas na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

- O proxecto de ampliación e mellora da estrada DP-0402 Ares-Chanteiro, foi aprobado polo **pleno da Deputación da Coruña o 27 de febreiro de 2015**. Unicamente foi licitada e adxudicada a súa primeira fase, actualmente en execución.
- O desenvolvemento da **21 fase do proxecto** unha vez rematen as obras da 1ª fase é un **compromiso adquirido polo actual presidente da Deputación**, Valentín González Formoso, publicamente en varias ocasións.
- Dita fase é unha **prioridade para todos os veciños e usuarios da estrada** dada a perigosidade que conleva este tramo de tan só un quilómetro, con moitas curvas, desprovisto de arcéns e beirarrúas e que ademais transcorre integramente polo **núcleo urbano** de Chanteiro.
- Finalmente lembrar que en **decembro de 2016**, tanto o **Grupo Municipal Socialista** como a **Plataforma Veciñal estrada Chanteiro-Ares** xunto co **Grupo Municipal do BNG**, presentaron ao pleno sendas mocións para que se demandase da Deputación a licitación e contratación da **segunda fase do proxecto para o exercicio de 2017**.

É por iso que a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CHANTEIRO presenta esta MOCIÓN diante do Pleno desta Corporación para que se tomen os seguintes **ACORDOS**:



1. SOLICITARÁ DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A TRAVÉS DO SEU PRESIDENTE E DO DEPUTADO RESPONSABLE DO SERVIZO PROVINCIAL DE OBRAS, A URXENTE LICITACIÓN E CONTRATACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP-0402 ARES-CHANTEIRO NO PRESENTE EXERCICIO DE 2018 DANDO CUMPRIMENTO AO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN DO 27 DE FEBREIRO DE 2015, ASÍ COMO ESIXIR O COMEZO INMEDIATO DA OBRA UNHA VEZ REMATE A PRIMEIRA FASE.

2. TRASLADAR O PRESENTE ACORDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Chanteiro, 5 de abril de 2018

A Presidenta da AVVCH


Asdo. M^a José Sánchez Coira

Continúa a Presidenta da Asociación de Veciños de Chanteiro dicindo que por outra parte aínda que non está recollido na moción, solicitan o apoio de todos os grupos políticos aquí presentes para esixir a deputación a reanudación urxente da primeira fase, xa que están paradas as obras dende fai mes e medio, antes era por mal tempo e agora levamos máis de 15 días con bo tempo e a reanudación non comezou, remata dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde abrindo o turno de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías dicindo que entenden que a última valoración que fixo a Asociación de veciños de Chanteiro quérena integrala no acordo como un novo punto de retomar as obras da primeira fase. Di que van a votar a favor da moción, e da a benvida a que esta sexa presentada por outra Asociación de Veciños, a Asociación de Veciños de Chanteiro, querían tamén facer constar, que en outubro de 2017 o BNG facía referencia a estas contratacións da segunda fase que logo foi obviado e asumida polo PSOE, o cal votaron todos por unanimidade e a favor.

Continúa o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías, manifesta que creen que é importante ese último punto que acaba de sinalar a Asociación de Veciños de Chanteiro ao respecto de retomar a primeira fase das obras porque como ben dixo, esa cuestión temporal por cuestións climatolóxicas, saben que non é só por cuestións climatolóxicas. Diríxese ao Concelleiro de Son de Ares dicíndolle que ten a



posibilidade de contestar a pregunta dirixida fai mes e medio que dixo que ía a contestar no pleno de hoxe.

Conclúe a primeira intervención o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías valorando a presentación e posicionándose a favor da moción.

Intervén o Sr. Alcalde dirixíndose a Presidenta da Asociación de Veciños de Chanteiro preguntando si no *petitum* da moción solicita que se incorpore ou non a reanudación das obras o máis pronto posible, di que tamén sería ben que aparte de mencionar o Presidente da Deputación e ao Deputado do Servizo Provincial de Obras mencione tamén ao de Patrimonio e Contratación para que cando Fenosa e Telefónica presenten un proxecto para retranquear os postes poñan prazo, que sería bo mencionar a todos os operadores indicados, dado que hai un goberno de coalición e non só o PSOE é o responsable tamén o é o Deputado Provincial do BNG que o domingo pasado día 22 anunciaba no Diario de Ferrol que no seu concello en San Sadurniño restablecían as obras nas vías suspendidas polas choivas.


Continúa o Sr. Alcalde dicindo que vese que en San Sandurniño as obras pódense suspender polas choivas e retomalas o domingo 22 de abril, pero vese que aquí efectivamente non choveu, explica que nese sentido hai unha resolución do Presidente da Deputación presentada polo Servizo de Contratación e Patrimonio onde apróbanse sen máis os proxectos presentados por Fenosa e Telefónica e ambos sen prazo para a retirada dos postes.

Conclúe o Sr. Alcalde dicindo que a próxima vez que aproben proxectos presentados por empresas privadas, que sexan con prazo razoable para retirar os servizos afectados e loxicamente ao ritmo que esixe a execución das obras.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.

Intervén a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez da a benvida a Asociación de Veciños de Chanteiro por presentar esta moción, di que lle chama poderosamente a atención que o grupo socialista e o grupo de goberno non presenten a súa moción e explica o porque.

Manifesta que no pleno ordinario que menciona a moción do 30 de Maio de 2016, hai unha proposta da Plataforma Veciñas aos grupos políticos a proposta foi "o pleno do concello de Ares tendo en conta a necesidade e prioridade da execución do proxecto na ampliación e seguridade viana Ares-Chanteiro demanda desta institución que se adopte o acordo de contratación da segunda fase do devandito proxecto para o exercicio 2017 (xa pasou o 2017 e nada de nada) dando cumprimento do acordo adoptado do pleno da deputación o 27 de febreiro de 2015". O BNG tamén traía unha moción que retirou dándolle prioridade a Plataforma, o PSOE mantivo a moción e a súa proposta de resolución foi "o pleno do concello pide a deputación que acelere a xestión e os trámites necesarios para licitar, contratar e executar a 2ª fase do proxecto de ampliación da estrada Ares-Chanteiro na maior brevidade posible" breves non




foron, o PP fixo unha emenda a moción “solicitar ao Presidente da Deputación un compromiso público no que consten as datas exactas de execución da primeira fase (que xa tiña que estar iniciada naquel momento, no 2016) e das licitacións e contratacións e inicio das obras da segunda fase” di que esta emenda foi rexeitada polo resto dos grupos políticos e casualidades da vida, pasamos a sesión ordinaria do 30 de outubro do 2017 e o 23 de outubro do 2017 presentan ambos a moción, tanto o BNG como o PSOE, iso é a razón pola cal estráñalle que non traian ningunha moción.

Continúa a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez dicindo que o BNG acorda na moción “Punto 1.- que o Concello de Ares dirixa ao Presidente da Deputación Provincial para que inclúa no orzamento 2018 a partida necesaria para realizar a segunda fase da estrada Ares-Chanteiro. Punto 2.- que durante o ano 2018 se licite e contrate a obra da segunda fase da obra da estrada Ares-Chanteiro” a moción do grupo de goberno antes do PSOE agora do grupo de goberno trae un acordo “que o pleno do concello de Ares apoia a petición do goberno municipal dirixida a deputación para que inclúa no orzamento 2018 a segunda fase da estrada” volvemos a presentar a emenda pero volveu a ser rexeitada pese a ela o PP votou a favor das dúas mocións, tanto do BNG coma do PSOE dada a prioridade e a necesidade da execución do proxecto de ampliación da estrada Ares-Chanteiro recordar, que non aparece na moción que se presenta que foi o PP o que gobernaba cando se licitou a primeira fase e o compromiso de licitar a segunda fase. Na exposición de motivos di que “o Presidente da deputación comprometeuse a desenvolverá segunda fase” eu pregunto, a que xogamos, porque non aparece este compromiso no orzamento da deputación do 2018, onde están os cartos para as expropiacións, levan dende o ano 2016 facendo que o Presidente da Deputación cumpra co acordo adoptado polo pleno da deputación do 27 de febreiro do 2015 cando estaba presidido polo PP sendo o Presidente D. Diego Calvo.

Conclúe a Sra. Martínez Martínez dirixíndose ao Sr. Alcalde dicíndolle que non fixo nada para que se leven a cabo os acordos plenarios aprobados por unanimidade neste concello, que levan gobernando na Deputación dende o 2015 e están executando as obras que licitou o PP, que deixe de votarlle a culpa aos postes de Fenosa de Telefónica e ao mal tempo e pónase a traballar dunha vez por todas, por certo, fixemos nun pleno un rogo, que tomarades medidas de seguridade nesa estrada que non eran as axeitadas e agora que se acerca o verán calquera medida con respecto a seguridade víana non está demais, así que pónase a traballar dunha vez por todas Sr. Alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez dicindo que el polo menos no ámbito do seu traballo prepara os plenos e que sabe perfectamente que a primeira fase non a licitou o PP.

Responde a voceira do PP Dna. Josefina Martínez Martínez preguntando quen a licitou.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que D. Valentín González Formoso en outubro do 2015 que saíu Presidente, que polo menos hai que preparar os plenos, que é certo que o PP gobernou oito anos que non recorda en cal das dous lexislatura o Alcalde tamén foi Deputado Provincial e non trouxo nunca esta estrada, e o mesmo pode dicir do BNG cando tiveron un Deputado Provincial case permanente na deputación, que nunca trouxo esta estrada, que sendo el Deputado Provincial aprobou as partidas para facer esta estrada, por certo no último ano da lexislatura porque xa non lle quedaba remedio, pero aínda así hai que agradecerlo porque sempre pode dar un non por resposta e por suposto foi D. Valentín González Formoso quen a licitou pero claro, cando se fala por falar .

Rise a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que el non se ri dela e ten motivos, pero que si ela se quere rir, pois efectivamente hai xente que tapa os seus propios erros ríndose, que el tendo motivos para rirse pois non lle quedan moitas ganas porque si vostedes cando gobernaron fixeran esta obra traballo que lle quitaban e non tería que pasar por esta situación, pero en calquera caso é unha realidade estase a executar con maiores ou menores problemas e pois agora solicitan esa segunda fase que é de vida e que efectivamente está comprometida, nese sentido pois é unha pena que xa non estivera feita porque loxicamente sería algo que sen dúbida algunha houberan agradecido, que houbo alcaldes antes que el e ningún o conseguiu esa é a realidade e nese realidade se ampara.


Intervén novamente o Sr. Alcalde preguntando si da paso ao segundo turno de intervencións ou deixan que ela nos ilustre sobre si efectivamente admiten o que aquí falamos, que no petitum se meta que se renove de inmediato e se recomende a obras e contratación que cando Fenosa e Telefónica presenten proxectos que se someta un prazo razoable para a retirada dos servizos afectados, cousa que agora non pasou porque aprobáronse os proxectos sen prazo e o ritmo da retirada dos servizos afectados foi o que marcaron as empresas para sufrimento de todos os usuarios.

Continúa o Sr. Alcalde preguntando a Presidenta da Asociación de Veciños de Chanteiro se quere dicir algo.

Intervén a Presidenta da Asociación de Veciños de Chanteiro dicindo que eles o queren e que se comprometan todos os que están implicados e si hai que poñer unhas datas pois hai que poñelas. Tamén recorda que o Presidente da Deputación comprometeuse verbalmente con eles e publicamente que veu una prensa, que non é unha cousa que este no aire.

O Sr. Alcalde da paso ao segundo turno de intervencións e dálle a palabra ao voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que non cree que haxa un tema ao que se lle de tantas voltas como o da Estrada de Chanteiro, que é increíble, que aquí todos



os que estamos temos un interese común de que se faga a estrada Ares-Chanteiro, que todos temos o mesmo interese o que pasa e que cada un xoga o seu rol dependendo dos seus propios intereses, parécelle dunha gravidade extrema que vostede sega a manipular uns datos, e que aínda encima lle meta nun embólao a unha asociación que ven a presentar unha moción e que vostede lle propoña que no seu petitum inclúa a un deputado.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, a un servizo.


Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que vostede di que é por culpa do BNG, que o BNG e o que o leva, e que o que fixo é gravísimo, imaxínese que a Asociación que non ten coñecemento de si realmente foi así ou non foi así acceda ao seu petitum chega mañá e lle recorda que isto non é así.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que é así.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non, que non é así, que fai mes e medio fixeron unha pregunta ao Sr. Gustavo Pita por unhas declaracións públicas que fixo, que despois nos enteramos que vostede tamén as fixo manipulando, iso e manipular, entón vostede non sei que ten con D. Xesús Soto do BNG encargado da área de contratación, que aí ven como o tema de San Sadurniño, pero se non pasa nada por parar as obras por cuestións climatolóxicas, iso pasou en todos os lados e iso seguirá pasando porque aquí chove e hai traballos que chovendo non se poden facer iso está claro, o que non pode ser e que vostede utilice isto de maneira manipuladora porque en realidade xa lle contestou o deputado.

Responde o Sr. Alcalde dicindo e a el tamén lle contestou o presidente.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que o Presidente non lle contestou, D. Julio Iglesias debería saber que este deputado nunha nota de prensa non asinou nin tramitou nada ao respecto de ese retranqueo de servizos que comenta e debería saber tamén que non se tramitou con un contrato senón como a indemnización ante a prestación dun servizo o cal imposibilita a aplicación de prazos dende o punto e vista legal, aínda así, non foi o deputado de contratación quen asinou a conformidade e aceptación de eses traballos de retranqueo e servizos, nos levamos tempo preguntando que diga vostede publicamente quen foi o que asinou ese proxecto ese contrato pero non o quere dicir entón vostede dedicase a manipular, faga vostede público ese documento ese que ensinou vostede en Cervás e que non dixo de quen era a sinatura e que non explicou como era o procedemento e unha cuestión de contratación administrativa que non de cuestión política, e a cuestión política a ten que asinar o Presidente da Deputación e eu non digo nada nese sentido porque ese tipo de contratos non leva aparelado nas condicións o que é os tempos, iso é así entón vostedes o que están a facer é dunha gravidade extrema, aquí o que se trata e de votar para diante.




Di que o Presidente da Deputación estivo aquí no mes de decembro, que non sabe que día foi, foi o seguinte das eleccións a Presidencia do PSOE e el aquí publicamente dixo que este ano íase a facer a segunda fase polo tanto estamos a mediados de ano e non sei en que medida o concello lle requiriu esa segunda fase que non foi porque non están feitas as cousas, non hai que esperar a rematar a primeira fase para facer a segunda xa o dixemos reiteradas veces porque o proceso expropiatoria xa se podía ir facendo e polo tanto non sei a que espera Sr. Alcalde.

Manifesta que é increíble porque vostede di que a estrada de Chanteiro se votou para diante sendo Presidente da Deputación o Sr. Salvador Fernández Moreda, non di que o encargado da área que encargou os planos era o responsable do BNG pero sen embargo aquí non di que o responsable do retranqueo é o Presidente da Deputación non, di que é precisamente o deputado do BNG entón vostede utiliza de maneira sistematice a manipulación para dirixirse a uns e a outros e eu o que pido é seguridade e rigorosidade sobre todo neste tema e si houbo alcaldes antes que non fixeron nada tamén houbo alcaldes que fixeron non facer como foi o seu caso, ou vostede xa se esquece na primeira etapa de rodadura que vostede presentou isto como que era a primeira fase, non lle recordaron o outro día en Cervás que vostede dixo a asociación de afectados pola estrada Ares-Chanteiro vostede dixo a estrada está ben como está entón, aquí cada un que asuma a súa responsabilidade e a mi esa paréceme moi ben pero a estrada que se faga xa, xa.

Conclúe o Sr. Mesías Farías dando as grazas.


Responde o Sr. Alcalde ao voceiro do BNG, dicindo que as mentiras ten obriga a contestalas pero lle xeran repulsa automaticamente brutal, porque o único que está a facer aquí e narrar mentiras, mentira tras mentira. Explica que na reunión na que el non estivo, pero evidentemente a quen querían enfastiar era a min, que ti non estiveras lles dou igual porque na reunión dos veciños de Chanteiro que tanto te preocupa ti non estiveches, era un domingo imaxino que terías cousas que facer pero eu si que fun, o único que dixen foi que o Presidente da Deputación a proposta da area de Patrimonio e Contratación, porque eu aquí como Alcalde asino todo asino o que me trae Gustavo, Olimpia, Alma eu non me entero de nada salvo das áreas que xestiona eu a de facenda o fago eu son o Concelleiro de Facenda e sei que asino o que xestionei, pero cando tráenme algo para asinar dunha entidade deportiva eu non me reúno ca entidade deportiva porque o Presidente da Deputación é o que ten a representación da institución por tanto, asina todo pero hai areas delegadas e en consecuencia o Presidente da Deputación asina a proposta do Servizo de Patrimonio e Contratación a aprobación de dous proxectos a aprobación dun proxecto presentado por Fenosa para o retranqueo dos postes e a aprobación dun proxecto presentado por Telefónica para o retranqueo dos postes nos que non figura prazo. Telefónica e Fenosa aceptan os 295000€ e a Deputación lles di polos servizos afectados e polo retranqueo tedes que presentar os proxectos e Fenosa e Telefónica lle presenta ao Servizo de Patrimonio e Contratación uns proxectos que deciden aprobar e someter a sinatura da resolución do Presidente da Deputación e neses proxectos Fenosa e Telefónica non puxo prazo,



entón que non veña mentindo ninguén dicindo que isto é un proceso indemnizatorio onde a lei impide poñer prazos, como que impide poñer prazos eu a vostede o indemnizo cuns cartos ou outro en función de cómo me retira os postes si os retira pronto ao mellor había que pagar máis que ese foi o problema, que non se quixo pagar mais e si se retira máis rápido pois hai que pagar mas iso e así.

Os servizos afectados eu non os podo contratar porque Fenosa di que eses postes so os moven eles e hai que indemnizarlles pero eles presentan o proxecto e lle deron ao Presidente da Deputación a resolución a asinar aprobando dous proxectos sen prazo, porque a Fenosa e Telefónica había que decirlle mire estos dous proxectos non teñen prazo póngalle vostede prazo agora eu tamén entendo que seguramente habería que pagar máis, si a Fenosa e Telefónica se lle di que ten que retirar os poste nun mes non chegan os 293000€, iso tamén o entendo pero por entendolo non o oculto, é a verdade e logo efectivamente está claro que aquí se di desde sempre que todos estamos interesados en facer a obra pero de paso algúns queren utilizalo para desgastar o goberno municipal porque o BNG utilizou sempre esta obra en contra do goberno municipal arañando absolutamente todo lles ven como un dedal porque resulta que os proxectos que se presentaron en Patrimonio e Conservación non teñen prazo e esta é a realidade e eso foi o único que dixen alí nesa reunión de veciños, por certo vostede sempre se olvidaron de que a metade da Deputación son ustedes, e vostedes falan da Deputación responsabilizando ignorando que gobernan esa institución pública e dicir, nas críticas só a goberna o PSOE e nos méritos a goberna Suso o Deputado Provincial ao que lle debemos todo e así , por certo, Deputado Provincial ao que a Plataforma ocupouse moitísimo de levar mil veces e a min nunca, a min só me utilizan para dar-me leites en público agora para decirme Julio como vai a obra está Suso, para eso está Suso, que por certo fai unha nota de prensa donde de dereito non ten nin idea di o que primeiro se lle ocorre, porque é unha mentira como a copa dun pino que aos proxectos das empresas non se lles pode pedir prazos, todos os proxectos das empresas levan prazo de execución menos os de Telefónica e Fenosa que lle presenta o BNG a sinatura do Presidente da Deputación esos son os únicos que non levan prazos todos os proxectos de obra levan prazo menos esos dous, é un elemento de todos os proxectos de obra prazo de execución bueno pois o de Telefónica e Fenosa non levan prazo e retiraron cando lles deu a gana, e isa é a verdade e nos afecta porque cogobernamos a Deputación pero eu intento e intentei dende estes tres anos non votarlle a culpa a ninguén ata que tiven que defenderme, ata que dixen ata aquí vou alí e explico esta situación. O retraso da obra se debe ao retranqueo dos postes, tardaron unha eternidade Telefónica e Fenosa e nos meteu un retraso da obra de tres pares de narices e isa e a realidade, e frente a esa realidade como sempre a culpa a ten o goberno de Ares pois tiven que defenderme por certo cun papel asinado que di Área de contratación e quen o quixo ver o viu o veron vostedes pregunta a Presidenta da Asociación de Veciños de Chanteiro.


A Presidenta da Asociación de Veciños de Chanteiro di que si.



Continúa o Sr. Alcalde dicindo que na Asamblea de Veciños sacou o papel e quen o quixo ver o viu, houbo veciños que o quixeron ver e isa é a realidade e Suso que diga misa que o Presidente da Deputación lle meteu un repaso de tres pares de narices porque efectivamente a súa contestación xa contestou o Presidente da Deputación, isa e a realidade e por suposto o día 22 de abril publicase que o Concello de San Sadurniño reanuda as obras nos viais suspendidas pola choiva cando efectivamente parece ser que aquí non estaba suspendida pola choiva, en calquer caso eu creo que o que nos ocupa é a segunda fase e na segunda fase temos que pedir que non ocorra como na primeira entón temos que pedir que nos retranqueos sexan dilixentes como nos retrasou na primeira de ahí a petición do grupo de goberno incluír no petitum que non volva a pasar o que pasou cos servizos afectados, que metan prazos porque temos a experiencia da primeira vez, entón ao Presidente que se preocupe de dotala e licitala obra, de executala con dilixencia a Patrimonio e Contratación a que negocie con Telefónica e Fenosa de maneira máis axil.

O Sr. Alcalde dálle a palabra no segundo turno de intervención a voceira do PP Sra. Martínez Martínez.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que por alusións en canto a que non teño preparado o pleno de hoxe lle vou a recordar "a Deputación da Coruña aprobará no próximo pleno provincial do mes de febrero a I Fase do proxecto de reforma da estrada DP-0402 Ares-Chanteiro sendo este o primeiro paso para poder iniciar o proceso de expropiación dos terreos necesarios para ampliación con levantamento das actas previas este proceso realizárase pola vía de urxente ocupación. Nesta primeira fase invertírase un total de 1212735,62€ actundo sobre 3,6 Km aos que se contruira un andén peatonal ademais de ampliarse a propia estrada, se suma de esta maneira aos traballos de reparación e reforzó do firme que xa levou a cabo a deputación da Coruña nesta estrada no ano 2013 e cullo presuposto de licitación superou os 355000€" agora vou a facer outro punto máis a web oficial do Concello de Ares sae unha nota súa dicindo "o Concello quere aclarar varias cuestións sobre as obras da estrada de Chanteiro di "así mesmo dende o concello quere subliñar tamén que tanto o BNG como o PP votaron en contra da obra dos cruces de abastecemento e saneamento referidos en graves prexuízos dos veciños beneficiados pola mesma e cuxa urxencia ditos partidos políticos agora tanto demandan feitos todos estes dos que a Plataforma e perfectamente coñecedora e non lle trasladou aos veciños" iso é unha mentira e utiliza a páxina web do concello para mentir, non lle sirve mentir nos plenos senon na páxina web, mentira houbo un pleno Sr. Alcalde para aprobar o proxecto desta obra, porque si o houbo nós non votamos, non viñemos non acudimos non se nos convocou, por certo non formamos parte da Comisión de Goberno donde tomaron a decisión de facer estas obras e adxudicalas minte continuamente minte, minte e minte e nos acusa de algo que non fixemos, que pasa que as súas continuas faltas de previsión desta obra con respecto a esta estrada as quere eludir votandonos a culpa a oposición iso é o que fai vostede cando algo vai mal a culpa e da oposición.



Temos un grupo de goberno completamente incompetente que non está a altura de solucionar os problemas que lles trasladan os veciños, nada máis Sr. Alcalde.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que novamente volve a dicirille que hai que preparar os plenos, porque senon se entera que esa obra ia nos orzamentos e votachedes en contra non é problema meu en consecuencia non preparas as cousas e non te enteras do que hai aquí. A obra dos ramais a negociamos coa deputación porque o longo do 2017 non tiñamos partida e lle dixemos a deputación que tiñamos que facela no 2018 metendo a partida nos orzamentos e tanto o BNG e o PP votaron en contra dos orzamentos.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que iso e manipulación.


Continúa o Sr. Alcalde manifestando que manipulación non é, nos orzamentos ia a obra da Rúa Cisne, a estación de bombeo do Raso, a compra da trainera do Club de Remo todo iso ia nos orzamentos e vostedes decidiron votar non aos orzamentos e agora resulta que din que non votaron en contra das obras, pois as obras ian no orzamento aos que vostedes votaron en contra porque lles importa un pito que este goberno poda executar obras ou non, en consecuencia votar en contra dos orzamentos e non querer o seu contido o que pasa e que aínda encima parece que vostede non os lee, en consecuencia votan en contra dos orzamentos porque non queren que eu faga nada, non queren que salga a estrada canto peor salga mellor para min a frase de Rajoy, o que pasa e que Rajoy pronuncia mal, pero en calquer caso efectivamente e que non saia a estrada, que choiva que haxa problemas nela e ao mellor que haxa algún accidente a maiores para votarme a min a culpa. En calquer caso nos orzamentos van todas as obras que vamos executar e votaron non e agora me din que porque non a teño feita, pois non a teño feita porque cando surxe esta obra hai que ter a partida e metela no orzamento a metimos no 2018 e nos comprometimos a facela e efectivamente estamos a facela e esa é a realidade, logo darlle as voltas que queirades.

O Sr. Alcalde diríxese a Presidente da Asociación de Veciños de Chanteiro Sra. M^a José Coira, preguntandolle si para fixar o petium metemos no petium que o Presidente a faga e que obras se encargue do proxecto e a redacción do proxecto e que Contratación e Patrimonio sexa dilixente no tema dos servizos afectados para que non pase o que pasou e que a primeira fase e que se reanude de inmediato.

Responde a Sra. María José Coira Presidenta da Asociación de Veciños de Chanteiro dindo que si.

Intervén o Sr. Alcalde procedendo a votación.

Sometida a votación a Moción coa emenda antes proposta, o Pleno do Concello por unanimidade (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 BNG, 3 PP), acorda prestarlle a aprobación a Moción presentada pola Asociación de Veciños de Chanteiro sobre "A 2ª FASE DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP-0402 ARES-



CHANTEIRO", coa emenda arriba referenciada, que Área de Patrimonio e Contratación sexa diligente no tema dos servizos afectados, e aproben os proxectos presentados por Fenosa e Telefónica con prazo para a execución das obras de retranqueo.

B) Plataforma na defensa das pensións públicas de Ferrolterra.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai un representante da Plataforma en Defensa das Pensións o cal lle damos a palabra para que nos explique o *petitum* da moción.

Dáse conta da moción que seguidamente se transcribe.

PLATAFORMA NA DEFENSA DAS PENSIONS PÚBLICAS DE FERROLTERRA

D. Alejandro García Monteagudo con DNI 32623293 con enderezo en C/Real 115-3º Provincia A Coruña Localidade Ares.

Que como membro da Plataforma na Defensa das Pensións Públicas de Ferrolterra, proó naos Grupos políticos do Concello de Ares, a presentación dunha Moción Plenaria referente a perda económica de poder adquisitivo das pensións públicas ante a resposta gubernamental dunha raquíctica subida que consideramos irrisoria e insuficiente.

Rexeitamos a intención de privatizar as pensións públicas co chamado "Producto Europeo de Pensións Individuais" (PANEUROPEO) con desgravacións fiscais co obxecto de favorecer a Aseguradoras e a banca privada.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos tempos veñen produndose un deterioro do **Sistema Público de Pensións** coa conseguinte perda de **Poder Adquisitivo**. Esta situación creou unha situación de alarma social polo perigo que corre un dos piares fundamentais de nosa sociedade que debemos lembrar representa un dereito como conquista democrática.

Consideramos necesarias as reivindicacións e mobilizacións sociais co fin de protexer e a **blindaxe constitucional** do **Sistema Público de Pensións Públicas** como un dereito vertebral do **Estado de Benestar social** no marco das institucións democráticas.

As **mobilizacións do pasado 17 de Marzo** marcou un importante fito reivindicativo en todas as vilas e cidades cheas de persoas maiores que durante máis de 40 anos traballaron e mantiveron con dificultades o rumbo económico e socio-político deste país.

Consideramos que as últimas medidas do Goberno de M. Rajoy son insuficientes e vergoñentas, amasando unha vez máis que trátase dun goberno cun proxecto político esgotado e sen capacidade de actualizar o **Poder Adquisitivo das Pensións Públicas** como así indica a Constitución no seu artigo 50. A suba do 3%



nas pensións máis baixas e as supostas melloras nas pensións de viuvez non corrixe a diferenza adquisitiva das pensións.

Reprobamos e queremos expresar a nasa queixa e malestar co presidente do Goberno M. Rajoy, o seu ministro de facenda Sr.Montoro, Ministra Fátima Báñez, Celia Villalobos e o executivo pola súa incapacidade política por non amasar un mínimo de respecto institucional as persoas maiores e pensionistas.

PLATAFORMA NA DEFENSA DAS PENSIONES PÚBLICAS DE FERROLTERRA

plataf.pensionspublicas.ferrol@gmail.com

-Por todo isto, instamos ao Pleno do Concello de que aprobe esta **MOCIÓN** dirixida ao Goberno do Estado Español, Congreso dos Deputados, Parlamento Europeo e Defensor del Pueblo co obxecto de acatar a Carta Magna para actualizar o poder adquisitivo das Pensiones públicas e noso rexeitamento de privatización, polo que demandamos :

Comezar coa subida das pensións mínimas do 8%, porcentaxe idéntica en 2017 ao SMI co idea de avanzar na xustiza e equidade social a unha pensión mínima de **1080 C** que garante a vida con dignidade, segundo os criterios que así establece a **Carta Social Europea**.

Incrementar un 8% nas Pensiones NON CONTRIBUTIVAS e Subsidios para maiores de 52 e 55 anos.

Incrementar do todas as pensións na porcentaxe igual ou superior do IPC, comezando polo 1,9% perdido no ano 2012.


Manter e menorar o Sistema da Seguridade Social na actual modelo e en caso de necesidade recorrerase aos **Presupostos Xerais do Estado**.

Rexeitamos os intentos de privatización das Pensiones e Servizos Públicos, de maneira especial aos que afectan as persoas maiores. Por iso esiximos a eliminación das **desgravacións fiscais para os Plans de Pensiones Privados**. Nos apoñemos rotundamente a calquera directiva europea que poida ser imposta aos membros da Unión Europea que poida favorecer a constitución deste planos de fondos privados. **(PANEUROPEO)**

Melloras nas Políticas sociais e socio-sanitarias públicas.

RENDA BÁSICA para as persoas en risco de exclusión social e eliminación dos **COPAGOS** sanitarios.

Participación de representantes de nosas Plataformas nas Mesas das Pensiones públicas.



Rexeitamos a reforma laboral dos anos 2011 e 2013 que foi tan lesivas para a clase traballadora e pensionistas polo que pedimos a súa derogación e o **restablecemento da xubilación aos 65 anos**, e a non entrada en vigor do factor de sustentabilidade prevista para o vindeiro ano, que vincula a contía da pensión á esperanza de vida do pensionista.

Eliminar os topes das bases de cotización para incrementar os ingresos do sistema e a xubilación con menos de 65 anos sen penalizacións con coeficientes reductores para as cotizacións de máis de 40 anos.

Ares a 13, de Abril de 2018.-

Asinado;

Sr. Alcalde-Presidente Concello de ARES

PLATAFAFORMA NA DEFENSA DAS PENSIÓNS PÚBLICAS DE FERROLTERRA

pfataf. pensiónspublicas.ferrof@gmail.com


- COMUNICADO -

**PLATAFORMA NA DEFENSA DAS PENSIÓN PÚBLICAS DEFERROLTERRA-
COORDINADORA ESTATAL POR LÁ DEFENSA DEL SISTEMA PÚBLICO DE
PENSIONES-**

Ferrol, Abril de 2018.-

Ante a dinámica mobilizadora da sociedade en defensa dun **Sistema Público de Pensións** digno, que foi traducida nas masivas **Manifestacións e Concentracións** en todo o Estado, o Goberno veuse obrigado a dar unha resposta e mover ficha, aprobando este proxecto con medidas que desde o noso punto de vista estimamos totalmente **INSUFICIENTES** e que non abordan a problemática actual do Sistema, demostrando unha vez máis que o proxecto político e social do Goberno de M. Rajoy e os seus socios que o sustentan está completamente esgotado.

.- Cualificamos como vergoñentas e insuficientes as "medidas estrelas" relacionadas no "proxecto orzamentario" en relación á subida ata o 3% para as pensións máis baixas e as supostas melloras para as pensións de viuvez, xa que eran extremos que estaban comprometidos desde a reforma das pensións do 2011 pero que se negaron a aplicar ata agora e todo coincidindo (por casualidade?) coas nosas mobilizacións.



- Que as medidas expostas polo goberno no proxecto NON se corresponden en ningunha maneira e en ningún caso ás nosas reivindicacións, xa que o noso proxecto como Plataforma que xorde á calor da preocupación da cidadanía polas falacias e ameazas creadas ao redor da insostibilidade do sistema público de pensións vai moito máis alá da proposta do Goberno, esixindo:

Unha pensión digna, equiparando a pensión mínima ao salario mínimo interprofesional, cunha subida mínima do 8% (porcentaxe idéntica ao que subiu en 2017 o SMI, todo iso por xustiza e equidade social, con idea de avanzar cara a unha pensión mínima de 1080 € que garanta con dignidade a vida en relación cos criterios da Carta Social Europea.

Incremento de Pensións Non Contributivas e subsidios do 8%, así como os subsidios para maiores de 52 e 55 anos na mesmo porcentaxe. - Incremento de "todas" as pensións en porcentaxe igual ou por encima do IPC, empezando polo 1,9% perdido no 2012.

Mantero Sistema da Seguridade Social tal e como está (sistema de reparto e solidario) e en caso de necesidade recorrerase aos **Orzamentos Xerais do Estado**.

Blindaxe constitucional das actualizacións das Pensións públicos.

Non aos intentos de privatización das pensións e dos servizos públicos. Por iso esiximos a **eliminación das desgravacións fiscais para os Plans de Pensións Privados.** Ademais, **!1Q! opoñemos rotundamente a calquera directiva que poida ser imposta aos estados membros da Comunidade Europea que poida favorecer a constitución destes plans e fondos privados. (PANEUROPEO)**


PLATAFAFORMA NA DEFENSA DAS PENSIONES PÚBLICAS DE FERROLTERRA

platafpensionpublicas.ferrol@gmail.com

Así mesmo reiterámonos en solicitar a **derrogación das reformas dos anos 2011 e 2013** tan lesivas para a clase traballadora en xeral e para os pensionistas en particular, pedindo o **restablecemento da xubilación aos 65 anos**, e a non entrada en vigor do factor de sustentabilidade prevista para o próximo ano, que liga a contía da pensión á esperanza de vida do pensionista.

Eliminar os topes das bases de cotización para incrementar os ingresos do sistema e a xubilación con menos de 65 anos sen penalizar con coeficientes redutores para cotizacións de máis de 40 anos.

- Ante a rebaixa fiscal anunciada no proxecto de Presupostos Xerais do Estado que eximirá do pago ás rendas inferiores 14.000€, o certo é que boa parte dos pensionistas maiores de 65 anos xa non tributan ata esa cantidade.



- Mellara das Políticas sociais e socio-sanitarias.

RENDA BÁSICA para as persoas en risco de exclusión social. Eliminación dos COPAGOS sanitarios.

Participación de representantes de nosas Plataformas nas Mesas das Pensións públicas.

Por todo iso e máis, continuaremos na loita e DEFENSA POR UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONES DIGNO e non pararemos as mobilizacións que hoxe máis que nunca fanse necesarias.

Desde aquí facemos un chamamento ao pobo, mulleres e homes, novos e pensionistas, para que loiten e participen connosco nas próximas mobilizacións convocadas;

"As Pensiones Públicas son un dereito gañado e pagado".

Que non che rouben a túa pensión, Que non che rouben o teu futuro!!


A UNIDADE DA CIDADANÍA É A CHAVE !!

Grazas pola vosa participación

Intervén o representante da Plataforma en Defensa das Pensiones Públicas de Ferrolterra manifestando que unha vez lida a moción quería facer unha pequena referencia ao Pacto co PNV, si ben é certo que recoñecen o incremento do IPC para todas as pensións dicir que a nós nos segue parecendo insuficiente, porque pedimos a actualización dende o 2011 isto é un parche dende o noso punto de vista.

Por outro lado, nas pensións de viuvez un 3% segue sendo insuficiente simplemente polo que acabo de dicir antes, hai que actualizalas dende o 2011 ata agora iso por un lado, e por outro lado a moto que se vende e que este ano se vai a pasar o acordo do PNV e todo isto estamos falando no aire porque todo isto é no suposto de que se apollen os orzamentos e todo o que ocasiona apollalos non só e dicilo, para as viúvas recoñecese o 56% este ano e o 60% a ano que ben simplemente cumprindo cunhas das reformas que fixeron cos Pactos de Toledo no 2011 co PSOE, cumprindo iso as viúvas a día de hoxe terían que estar cobrando o 59% e o ano que ben cobrarían o 60% exactamente igual co que está pactado ou sexa que non só non é unha mellora senón que tamén é un retroceso.

Dicir que non vale para nada que nos dean o IPC se non nos dan os atrasos e logo por riba entre outras grazas nos suprimen o artigo 81.1.2 do Réxime o IRPF que supón que elimina a exención no caso do pensionista de 600€ que tiñan ata agora e no caso de parados e outras prestacións non contributivas querían cobrar



1200€ ou 200€ que moitas familias estaban cobrando para pagar os gastos comúns de luz, auga nas súas vivendas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde abrindo o turno de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG Sr. Emilio Mesías Farías.

Intervén o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías manifestando que vanlle dar aprobación a moción presentada e que considera que xa quedou explicado e ben clariño cal e a situación e que ademais teñen outra moción pola vía de urxencia que complementan todas estas peticións, polo tanto asumen a defensa que fixo o Portavoz da Plataforma.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando si a votan agora tamén.

Responde o voceiro do BNG o Sr. Emilio Mesías Farías dicindo que, non, que despois que se presenta por vía de urxencia.

Intervén o Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP Dna. Josefina Martínez Martínez.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez manifestando que os pensionistas foron unhas das primeiras renunciadas do PSOE para lograr unha recuperación, conxelaron as pensións e provocaron a maior perda de poder adquisitivo dos pensionistas na historia recente, trátase da maior perda de poder adquisitivo das pensións equivalentes ao 2,9% o impacto calculado e de 2060 millóns de euros. Diríxese ao Presidente da Plataforma dicindo que non menciona para nada iso.


Responde o Representante da Plataforma dicindo que si, que queda mencionado ca Reforma Laboral do 2011 e que o poden contrastar os compañeiros.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si que está contemplado e fai lectura dela "Rexeitamos a reforma laboral dos nos 2011 e 2013" pero como non prepara os plenos.

Toma a palabra a voceira do PP Sra. Josefina Martínez Martínez, continúa dicindo que a xestión do PSOE situou a España ao borde do rescate e os pensionistas ao risco de maiores recortes.

Manifesta que si se aproban o 24 de maio os orzamentos subiranse todas as pensións un 1,6% tanto para este exercicio como con efecto retroactivo, como para o próximo en liña coa evolución dos prezos. As prestacións mínimos e as non contributivas o 3% as de viudedade a súa base reguladora verase elevada ata un 56% e no 2019 ao 60% e ata o 2023 non entrará en vigor o factor de sostenibilidade.

Intervén o Presidente da Plataforma preguntando si pode facer unha puntualización.



Continúa a voceira do PP Sra. Martínez Martínez dicindo que esta data queda como horizonte pero podería aplicarse antes si hai acordo neste punto no Pacto de Toledo que é de onde se ten que levar isto, serán os grupos os que decidan un acordo sobre as medidas necesarias para organizar esta sustentabilidade, o noso voto vai ser en contra da Moción.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando ao Presidente da Plataforma si quere dicir algo di que non, que esta clara a posición e que non ten sentido seguir debatendo.

Intervén o Presidente da Plataforma dicindo que a posteriori da moción mandaron un correo aos 20 alcaldes, que aparte de manifestar o seu apoio a moción emítase un comunicado institucional de apoio a mobilización do día 5, que decidiran sobre todo tendo en conta que neste concello hai unha gran cantidade de xubilados e pensionistas e que están vendo a vivir a Ares con toda a influencia que ten na economía local que supoño que hai que telo en conta tamén.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que contamos por un lado ca moción e por outro co apoio a mobilización do día 5.

Da paso ao segundo turno de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG Sr. Emilio Mesías Farías.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que xa quedou claro, que simplemente o apoio que se dirixiu aos Alcaldes non tiñan noticia e si é o día 5 tería que vir hoxe a pleno esa declaración institucional de apoio.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non é un declaración institucional de apoio.


Intervén o Presidente da Plataforma dicindo que non sabe si lle chaman institucional ou non que e o apoio a mobilización do día 5.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que iso entendemos que lle corresponde o pleno polo tanto habería que notificar esa situación para que poidan votar ou si ou non que no noso caso é o si, conclúe dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que como foi unha petición a Alcaldía, aos vinte Alcaldes e agora efectivamente o traslada ao pleno consideramos incorporala na moción.

O Sr. Alcalde pregunta aos grupos si queren facer algunha outra intervención, responden que non e dáse paso a votación.

Sometida a votación a Moción coa emenda antes proposta, o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 SON DE ARES BNG, 1 NAL) 3 en contra (BNG), acorda prestarlle a aprobación a Moción presentada pola Plataforma na Defensa das



Pensións Públicas de Ferrolterra, coa emenda arriba referenciada, declaración institucional de apoio a mobilización do día 5.

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os Voceiros se teñen algunha Moción para presentar pola vía de urxencia, presenta unha o BNG.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que non sabe si se lle debería dar protagonismo a Plataforma ou ao BNG, efectivamente a plataforma presenta unha moción sobre as pensións e o BNG presenta outra sobre o mesmo tema por iso é mellor deixala para outro pleno e non aprobala agora xa que acabamos de aprobar unha da Plataforma a que nos adherimos todos como grupos e que non un grupo presente unha especifica por vía de urxencia, unha vez aprobada a da plataforma non hai urxencia. Diríxese ao voceiro do BNG dicíndolle que preferiría que a retirara e non votar en contra da urxencia.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que eles presentaron a moción pola vía de urxencia polo tanto debese someter a urxencia, creen que é moi urxente que esta moción se aprrobe polo tanto que se someta a votación a vostede ninguén lle obriga que vote a favor, entón nos consideramos que pode ir aquí pola vía de urxencia.


Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é unha moción partidista, que acaban de presentar unha de todos e el presenta unha do BNG.

Responde o Sr. Mesías Farías manifestando que si que o BNG ten temen a súa política.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que lle quitan protagonismo a Plataforma.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non queren quitarles protagonismo a ninguén simplemente piden tamén que se lles escoite. Está moción foi presentada en todos os concellos no mes de marzo nos a traemos hoxe aquí porque ben a colo de iso, non é unha moción que vaia en contra da plataforma senón que complementa e engade e aquí se suma quen se quere sumar, non vai en contra da plataforma e nin sequera para sacarlle protagonismo a ninguén só faltaría. Nós consideramos que como se está a falar do sistemas de pensións e está habendo negociacións para aprobar os orzamentos dos cales segundo a súa lóxica vostedes votarían en contra de calquera suba de pensión aínda que fora un 0,2 no caso de as houbera o PP, si aplica vostede esa teoría onde di as mentiras que di que nos votamos en contra dos proxectos porque votamos en contra dos orzamentos porque tampouco lle dixemos este ano que o ano pasado vostede votou en contra de esa obra de Chanteiro porque no a trouxo a orzamento non dixemos que vostede estaba en contra, como non a levou si aplicamos a teoría.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que estamos falando da urxencia dunha moción, quen vota en contra dos orzamentos vota en contra do seu contido



o PSOE, PP, BNG e os chinos, se nós votamos en contra dos orzamentos e que estamos en contra dos orzamentos e iso e a realidade entón non lle de voltas, ciñase a expoñer a urxencia desta moción, pídollo por favor porque sabe que me teño que ir ao notario e puxemos o pleno as 10:00h e xa me está dando a hora, pídocho por favor.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que simplemente piden que se someta a votación esta moción que presentan sobre o mantemento de pensións digna para os galegos/as.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que a posición é que non é urxente porque acabamos de aprobar a da Plataforma e en consecuencia fixemos un esforzo todos para aprobar a da plataforma e agora isto é un esforzo partidista aparte de que é inoportuna no sentido de que acabamos de debater o tema e non vamos a volver a debatelos, entón procedemos a votar a urxencia.

Sometida a votación a urxencia da moción o Pleno do Concello por votos a favor (5PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES 3PP, 1 NAL) 3 a favor (BNG), acorda rexeitar a urxencia da Moción presentada polo BNG

13º.- ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías


Intervén o Sr. Mesías Farías manifesta que no pleno pasado quedaron algunhas cuestións sen contestar e que o Sr. Alcalde dixo que as ía a contestar no seguinte pleno.

Manifesta que presentaron un escrito o día 21 de marzo ao concelleiro de Son de Ares por unhas declaracións que fixo nas redes sociais ao respecto da estrada Ares-Chanteiro, onde achacaba a responsabilidade sobre o atraso das obras ao Deputado do BNG que leva a Área de Contratación. Este tipo de acusacións falsas entenden que non se poden permitir e aínda menos dun membro do pleno polo tanto, o que piden e rectificación pública no mesmo fío das acusacións ou publicación da resolución pola que se aproba o proxecto de orzamento. Explica que a día de hoxe non fixo nin unha cousa nin outra, nin fixo rectificación pública nin publicou a proba física que acreditaría que o responsable foi a Área de Contratación, polo tanto volven a pedir que presente aquí esa proba.

Responde o Sr. Pita Carballeira dicindo que xa o fixo que si non o viu.

Intervén o Sr. Mesías Farías facendo lectura da resolución da deputación, facendo fincapé no deputado que resolve e di "D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación da Coruña, resolve aprobar o proxecto" continúa lendo a resolución.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que lea o Servizo que lle trae iso, que segundo Suso foi un proceso indemnizatorio e que agora resulta que é a aprobación dun proxecto



Toma a palabra o Sr. Mesías Farías pedindo o Sr. Alcalde que non o interrompa.

Unha vez rematada a lectura da resolución o Sr. Mesías Farías manifesta que foi asinado polo Secretario o Sr. José Luis Salgado 29/12/2016 e o Presidente da Deputación D. Valentín Fernández Formoso o 29/12/2016 como ben di a resolución.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando que servizo fixo a proposta.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que o servizo foi Secretaria Xeral, Servizo, Patrimonio e Contratación, que é unha cuestión administrativa non política, é unha que xa se lle explicou e vostede non ten nin idea de isto, que será profesor de Dereito Civil que é a súa especialidade pero de Dereito administrativo non ten nin idea e así se llo fixo entender o Secretario.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo que para eles é administrativo pero para nós é político.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando ao Sr. Pita Carballeira si se ratifica das acusacións que fixo no facebook onde lle votaba a culpa de asinar e de aprobar este proxecto ao Deputado Provincial.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que moito lles debeu doer que se supera isto.

Intervén o Sr. Mesías Farías respondendo ao Alcalde di, que non o fixeron público por ese respecto institucional do que el mesmo falaba que nos entenden que o Presidente da Deputación non o faría con mala fe pero que eles non queren nin rectificar, nin facer público isto, di que hai que explicarlle a xente que isto o asinou o Presidente da Deputación que non foi o que fixo o Sr. Gustavo Pita votándolle a culpa ao Deputado Provincial.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que nin Patrimonio e Contratación o faría de mala fe, salvo que o queiran facelo a mala fe para atacar aquí que non o cree que este tema debeulles de doer moito cando seguen reiterando cando era moi sinxelo, Telefónica Fenosa o proxecto non ten prazo por favor póngalle prazo, era unha cuestión técnica si porque seguramente a min danme a asinar iso e non caio niso, pero e a realidade.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP Dna. Josefina Martínez Martínez.

Intervén a Sra. Josefina Martínez Martínez dicindo que quedan sen responder as preguntas do pleno anterior.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que ten cita no notario que por favor as enumere.

Intervén a Sra. Josefina Martínez Martínez preguntando senón vai a responder as preguntas de hoxe tampouco.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que o notario lle cita a el, non el ao notario.

A Sra. Martínez Martínez fai referencia a Resolución da Alcaldía 131/18 asinada polo Alcalde o 04/04/2018 na que figuran dous pagos a Dna. Beatriz Sestayo Doce 937€ e a Anxares por importe de 1000€, existen dous facturas de 30 e 31 respectivamente con nºde referencia 18/3 e 3/2018. Pregunta si cree que é correcto dar esa prestación de servizos con presentación de factura, aínda non habendo cumprido ambas sociedades a data de pago coa obrigaçión de presentar o certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social e a Facenda Pública.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vinte seis minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO,

